

Normativa específica para Campionato Galego e Circuito Galego de Dúatlon Cros 2025

1.- O Circuito Galego de Dúatlon Cros 2025 constará de entre 3 e 7 probas puntuables, que se celebrarán ao longo da tempada 2025

2.- Unha desas probas poderá constituír tamén o Campionato Galego da modalidade, sen perxuízo de que sexa tamén proba puntuable para o circuito.

3.- A clasificación individual do circuito establecerase a partir da puntuación acadada por cada deportista en cada proba, en función do seu posto final, segundo se recolle na táboa 1. Á súa vez, unha das probas do circuito terá o dobre de puntuación que as demais. A proba con puntuación dobre será anunciada pola Xunta Directiva, e preferentemente non coincidirá co Campionato Galego. A puntuación final de cada deportista será a suma das súas N mellores puntuacións, sendo N un número dependente da cantidade de probas que finalmente constituán o circuito, segundo se recolle na táboa 2. Os participantes que non rematen unha proba recibirán a mesma puntuación que o último clasificado, incluídos os descalificados. Haberá unha clasificación masculina e outra feminina.

4.- Poden participar, puntuar e acadar os premios individuais, en cada unha das probas do circuito, calquera deportista que participen con licenza de triatlón FEGATRI, licenza da Federación Galega de Ciclismo (sempre e cando o convenio vixente se manteña nas mesmas condicións xerais) ou que subscriban licenza temporal autonómica de un día coa FEGATRI. Porén, soamente poderán acadar os premios individuais en todas as súas modalidades (económicos, trofeos etc), e ser campións/oas do mesmo, deportistas con licenza FEGATRI.

5.- En caso de empate en calquera das categorías na clasificación final do circuito, quedará por diante o/a deportista que mellor posto acadase na proba que tamén fose Campionato Galego. Se o empate continuase (caso de que ningún dos empatados puntuase nesa proba), ou non houbera proba Campionato Galego, terase en conta, por esta orde: ter participado nun maior número de probas, posto acadado na proba de puntuación dobre, posto acadado na última proba disputada.

6.- Favorecerase que tanto a proba do circuito que sexa tamén Campionato Galego, coma a proba de puntuación dobre, vaian rotando as súas sedes nas seguintes edicións do circuito.

7.- Haberá ao final do circuito as seguintes clasificacións individuais, e a FEGATRI outorgará premio ás tres primeiras persoas clasificadas en cada unha delas:

- Absoluta M e F
- Junior M e F
- Veterana 1, 2 e 3, M e F

8.- A FEGATRI outorgará os seguintes premios económicos ás persoas vencedoras do circuito:

- 1º clasificado e 1ª clasificada: 400 €
- 2º clasificado e 2ª clasificada: 200 €
- 3º clasificado e 3ª clasificada: 100 €

So optarán a estes premios económicos deportistas con licenza FEGATRI da tempada.

9.- Os títulos de campións e campioas galegos, obtidos na proba Campionato Galego individual e do circuito só poderán ser outorgados a deportistas con licenza FEGATRI (Art. 2 Regulamento Oficial de Competición FEGATRI). Os Campións e campioas da clasificación absoluta tanto masculinos como femininos, recibirán os correspondentes maillots.

10.- En cada proba individual do circuito, estableceranse os premios e as clasificacións que cada organizador estime oportuno (individuais, clubs, relevos, parellas, etc.), excepto na proba que sexa Campionato Galego, na que se farán obrigatoriamente clasificacións individuais Junior, sub23, Absolutos e Veterana 1,2 e 3 M e F, e onde haberá tamén clasificación por clubs M e F, calculada pola suma de tempos dos tres mellores clasificados de cada club.

11.- Todos os premios contemplados neste regulamento serán outorgados pola FEGATRI no lugar e data que esta determine (entrega de premios, última proba, Gala do Deporte, etc.), Sendo anunciado con anterioridade suficiente.

12.- En virtude de fomentar a celebración de probas federadas de dúatlon cros, e dadas as particularidades deste tipo de modalidade, a FEGATRI subvencionará o 50% do importe correspondente aos custes de oficiais das probas do circuíto de dúatlon cros 2025.

POSTO	PUNTUACIÓN	POSTO	PUNTUACIÓN
1º	150 puntos	14º	32 puntos
2º	120 puntos	15º	30 puntos
3º	100 puntos	16º	28 puntos
4º	80 puntos	17º	26 puntos
5º	70 puntos	18º	24 puntos
6º	60 puntos	19º	22 puntos
7º	55 puntos	20º	20 puntos
8º	50 puntos	21º	18 puntos
9º	45 puntos	22º	16 puntos
10º	40 puntos	23º	14 puntos
11º	38 puntos	24º	12 puntos
12º	36 puntos	25º	10 puntos
13º	34 puntos	Resto	2 puntos

Táboa 1: distribución de puntos segundo os postos acadadas nas probas do circuíto. Puntúan todos os deportistas que tomen a saída da proba. Na proba de puntuación dobre, recibiranse os puntos según esta táboa pero multiplicados por 2.

Número de probas do circuíto	Mellores puntuacións a sumar
7	5
6	4
5	3
4	3
3	2

Táboa 2: distribución do número de mellores puntuacións a sumar para a clasificación final en función do número de probas que se celebren no circuíto.

Para todo aquilo non recollido neste regulamento aplicarase o Regulamento Oficial de Competicións da FEGATRI e/ou Federación Nacional. Todas as dúbidas que presente o regulamento ao longo da tempada serán resoltas pola Comisión Delegada, quen podería convocar, de así consideralo, unha Asemblea Xeral Extraordinaria da Federación. Para casos de urxencia inmediata decidirá a Xunta Directiva